

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA AS 22:30 HORAS

**JULIO GALLEGO: “SOMOS O ÚNICO PARTIDO CAPAZ DE FACER QUE O
CONCELLO DE SAMOS SIGA PROGRESANDO E MELLORANDO
EN TEMPOS DE DIFICULTADE”**

González Santín subliñou “a dedicación, ganas e traballo que caracterizan ao alcalde socialista e a súa candidatura, que os levará a continuar co impulso e o progreso do concello. Unha forma de gobernar que fronte aos recortes das políticas de austeridade do PP, está a mirar polo benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas de Samos”

“Queremos continuar coa boa xestión administrativa do concello, saneado, sen débedas, con contas exemplares e cun pago de facturas nun máximo de 30 días. Con transparencia e sen ningún tipo de trabas nos procesos de oposicións, cunha atención inmediata aos cidadáns e cidadás, como norma básica do noso goberno”, explicou o alcaldable

Samos, 15 de maio de 2015.- O secretario Provincial–Juan Carlos González Santín- e a deputada autonómica –Concepción Burgo- arrouparon este venres á candidatura coa que o Partido Socialista concorre ás eleccións do 24M en Samos, e que lidera o actual alcalde Julio Gallego.

González Santín subliñou “a dedicación, ganas e traballo que caracterizan ao alcalde socialista e a súa candidatura, que os levará a continuar co impulso e o progreso do concello. Unha forma de gobernar que fronte aos recortes das políticas de austeridade do PP, está a mirar polo benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas de Samos, e está a traballar por ofrecer unha oportunidade de futuro a toda a cidadanía”. E engadiu “os socialistas temos as ganas, a forza, as ideas e os proxectos para continuar reactivando este concello”.

Neste senso coincidiu Concepción Burgo, quen afirmou que “o proxecto de Julio Gallego é a única posibilidade de futuro para os veciños e veciñas de Samos. Demostraron nos últimos catro anos que traballando con honestidade e ilusión son capaces de levar a cabo un proxecto para dar resposta ás necesidades reais dos samonenses”.

Pola súa banda, Julio Gallego insistiu en que “o noso equipo de goberno é un equipo fiable, serio e responsable, que demostrou sobradamente a súa capacidade de saír adiante nunha situación de crise como a actual”. O socialista comprometeuse a “continuar desenvolvendo o municipio e devolverlle aos veciños todo o que nos quitaron as políticas dos gobernos de Rajoy e Feijoo”, e engadiu “ somos o único partido capaz de facer que o noso concello siga progresando e mellorando neste tempo de dificultade que nos toca vivir”.



Atención inmediata á cidadanía

“Queremos continuar coa boa xestión administrativa do concello, saneado, sen débedas, con contas exemplares e cun pago de facturas nun máximo de 30 días. Con transparencia e sen ningún tipo de trabas nos procesos de oposicións, cunha atención inmediata aos cidadáns e cidadás, como norma básica do noso goberno”, explicou o alcaldable.

Segundo afirmou Julio Gallego, “continuaremos a mellorar as infraestruturas do concello, reparando e mellorando as estradas, renovando as traídas de auga, adecentando as nosas aldeas e rebaixando a factura eléctrica coa instalación de bombillas de baixo consumo. Ademais, seguiremos financiando parte do recibo de recollida de lixo, como fixemos ata agora, para manter un custe asequible para os veciños e veciñas”.

Asistencia aos maiores

A atención aos maiores do municipio é un dos piares básicos do programa socialista, polo que prevén un aumento das horas de atención da asistenta social no concello para tramitar a documentación necesaria para o acceso ás axudas sociais. Ademais, incrementaremos tamén o número de traballadoras a domicilio para atender o máis rapidamente posible os casos que o soliciten e continuar mantendo a residencia de maiores municipal.

Aposta polo emprego

A mellora de oportunidades para os desempregados e o aumento do número de postos de traballo no municipio é outra dos puntos básicos do proxecto que lidera Julio Gallego. Neste senso, promoverán a creación dun obradoiro de emprego para que “dea traballo a moitos desempregados do concello e axudar así á economía das familias. Asemade, realizaremos labores de asesoramento e colaboración na creación de novas empresas ou no mantemento das que hai, para garantir os postos de traballos existentes e promover a súa nova creación, co obxectivo de que a xente non teña que marchar fóra en busca de oportunidades de futuro”.

A candidatura que levará a cabo o proxecto socialista que permitirá continuar co desenvolvemento do municipio, está composta polos seguintes integrantes:

1. Julio Gallego Moure
2. José Antonio García Jurjo
3. Marisol Orille Díaz
4. Juan Luis López Díaz
5. José Manuel Campo López
6. María del Carmen Abad Rodríguez
7. José Manuel Moure López
8. Enrique Vázquez Muñoz
9. Senén Campo Veiga

Suplentes:



governar
PARA A MAIORÍA

PSG^{DE}
PSOE

1. José Antonio Pereira Marón
2. Pilar Saavedra Morandeira

